



Don Pedro Cortegoso Gago, con DI nº 52494553c, en nome e representación do Colectivo Nacionalista de Marín; con domicilio en Marín, Barriada Maestranza D-1, cp 36900, ante este organismo

**EXPÓN:**

Que a Lei 29/1985, de 2 de agosto, de Augas, recolle no seu Artigo 6 que as marxes dos ríos están suxeitas, en toda a súa extensión lonxitudinal a unha zona de servidume de cinco metros de anchura, para uso público que se regulará regulamentariamente; e a unha zona de policía de 100 metros de anchura na que se condicionará o uso do solo e as actividades que se desenvolvan.

Que o Concello de Marín esta realizando unhas obras de instalación de saneamento invadindo a canle do río Lameiriña e a zona de servidume. Esta actuación representa un atentado grave contra o medio ambiente e dana, unha vez máis, o río e o seu entorno, representando un novo obstáculo para o paso das augas e agravando o perido de inundacións en caso de crecidas como as do ano pasado.

Que nos gustaría coñecer se esta actuación conta coa correspondente autorización de Augas de Galiza como é preceptivo, aínda que a obra sexa feita por unha administración local.

Por todo o anteriormente exposto, **SOLICITAMOS:**

- Que por parte de Augas de Galiza se abra un expediente informativo sobre esta nova agresión ao río Lameiriña.
- Que no caso de que se fixera a obra sen o correspondente permiso se sancione ao Concello de Marín e se lle obrigue á reposición do río ao seu estado anterior.
- Que se nos comuniquen as actuacións e a resolución do expediente.

Marín, 23 de outubro de 2007.

**Augas de Galiza. Demarcación Territorial Galicia-Sur**

R/ San Salvador, 2-4º - 36201 Vigo